



Guía Docente				
Datos Identificativos				2012/13
Asignatura (*)	Psicología do desenvolvemento de 0 a 6 anos	Código	652G01004	
Titulación	Grao en Educación Infantil			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Primeiro	Formación básica	6
Idioma	Galego			
Prerrequisitos				
Departamento	Psicología Evolutiva e da Educación			
Coordinación	Porto Rioboo, Ana María	Correo electrónico	ana.prioboo@udc.es	
Profesorado	Porto Rioboo, Ana María Santorump Paz, María Rosa	Correo electrónico	ana.prioboo@udc.es rosa.santorump@udc.es	
Web				
Descrición xeral	<p>Esta materia xunto coa "Psicología da aprendizaxe en contextos educativos" configuran o Módulo de Formación Básica do Título: Procesos educativos, aprendizaxe e desenvolvemento da personalidade de 0 a 6 anos (Orden ECI/3854/2007, do 27 de decembro).</p> <p>O núcleo de competencias básicas trata do coñecemento do desenvolvemento da psicología evolutiva da infancia nos períodos de 0 a 3 e de 3 a 6 anos, en concreto nos dominios psicomotriz, cognitivo, lingüístico, social e afectivo-emocional.</p>			

Competencias da titulación	
Código	Competencias da titulación
A2	Coñecer os desenvolvementos da psicología evolutiva da infancia nos períodos 0-3 e 3-6.
A3	Coñecer os fundamentos de atención temperá.
A4	Recoñecer a identidade da etapa e as súas características cognitivas, psicomotoras, comunicativas, sociais, afectivas.
A15	Coñecer os principios básicos dun desenvolvemento e comportamento saudables.
B1	Aprender a aprender.
B5	Traballar de forma colaborativa.
B11	Capacidade de busca e manexo de información.
B24	Recoñecemento e respecto á diversidade e á multiculturalidade.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.

Resultados da aprendizaxe			
Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)	Competencias da titulación		
Coñecer, comprender e valorar o coñecemento científico aportado desde a Psicología do Desenvolvemento ao estudo dos procesos de cambio comportamental que se producen nos seres humanos como resultado de procesos de crecemento, desenvolvemento, experiencias vitais significativas (denominado xenericamente cambio evolutivo).	A2		
Coñecer e comprender a evolución psicolóxica das nenas e dos nenos no nivel educativo de infantil, é dicir, na primeira (0-3) e segunda infancia ou nenez temperá (3-6 anos)	A2 A3 A4 A15		
Coñecer e identificar as principais características psicoevolutivas do alumnado de educación infantil nas súas dimensións ou dominios cognitivo e social-relacional e a súa interrelación e continuidade.	A2 A3 A4 A15		
Identificar e analizar algunhas das características psicoevolutivas do alumnado na etapa de educación infantil, a través da observación, de autoinformes e estudos clínicos.	A2 A4	B1 B5 B11	



Planificar e realizar tarefas de forma crítica e creativa, como froito dun pensamento diverxente.		B24	C6
Manexar ferramentas informáticas e utilizar distintos recursos da rede para a procura de información.		B1 B5 B11	C6 C7
Elaborar táboas, perfís, cadros para a presentación de datos, puntuacións ou información.		B1 B11	
Elaborar informes de forma sistemática e planificada a partir de datos obtidos da aplicación de cuestionarios u observación.	A4	B1 B5 B24	C6
Entender o carácter interactivo do proceso de ensino/aprendizaxe nas situacións educativas, e en consecuencia valorar a asistencia á clase como o contexto en que se materializará o mesmo.		B1 B5 B24	
Valorar a participación, o diálogo e o debate, cunha actitude de respecto, tanto cara ás quendas como ás ideas, como formas de implicación activa e compromiso coa aprendizaxe.		B1 B5 B24	C6 C7
Sensibilizarse, comprometerse activamente, responsabilizarse e avaliar o propio proceso de aprendizaxe, desenvolvendo hábitos de traballo, esforzo, responsabilidade e actitudes de curiosidade, rigor científico e interese pola aprendizaxe e o traballo ben feito.		B1 B5 B24	C6 C7
Desenvolver técnicas e actitudes favorábeis á cooperación, coparticipación, compromiso e intercambio con outras compañeiras e compañeiros e desenvolver formas de conversación e pensamento exploratorias que favorezan a comprensión e construción do coñecemento.		B1 B5 B24	C6 C7
Recoñecer e valorar as diferenzas individuais rexeitando a discriminación baseada en diferenzas de sexo, clase social, crenzas, raza e outras características individuais e sociais. Aceptar e valorar a diversidade		B5 B24	

Contidos	
Temas	Subtemas
1. O DESENVOLVEMENTO NA EDUCACIÓN INFANTIL	1. A Psicoloxía do Desenvolvemento <ul style="list-style-type: none"> 1.1. Obxecto de estudo da Psicoloxía do Desenvolvemento 1.2. Procesos e etapas do desenvolvemento durante a vida 1.3. Determinantes do desenvolvemento 1.4. Deseños básicos para a investigación evolutiva 2. A educación infantil <ul style="list-style-type: none"> 2.1. Fins e obxectivos da educación infantil 2.2. O currículo na educación infantil 2.3. As competencias básicas en educación infantil



2. DESENVOLVEMENTO PSICOMOTOR	<ol style="list-style-type: none">1. Introducción2. O desenvolvemento físico3. Desenvolvemento psicomotriz na primeira infancia<ol style="list-style-type: none">3.1. Sistemas para actuar no mundo: Os reflexos3.2. Sistemas para recibir información: Os sentidos3.3. Sistemas para transmitir información: O pranto e o sorriso3.4. A motricidade4. Desenvolvemento psicomotriz na segunda infancia<ol style="list-style-type: none">4.1. Progresos na psicomotricidade grossa4.2. Progresos na psicomotricidade fina4.3. Estabelecemento da preferencia lateral4.4. O corpo como esquema4.5. O ton muscular4.6. A estruturación do espazo e do tempo
3. DESENVOLVEMENTO COGNITIVO	<ol style="list-style-type: none">1. Introducción2. O desenvolvemento cognitivo na primeira infancia<ol style="list-style-type: none">2.1. O Desenvolvemento da atención2.2. O Desenvolvemento da memoria2.3. O Desenvolvemento da intelixencia3. O desenvolvemento cognitivo na segunda infancia<ol style="list-style-type: none">3.1. Desenvolvemento da atención3.2. Desenvolvemento da memoria3.3. Desenvolvemento da intelixencia4. Implicacións educativas para a etapa
4. ADQUISICIÓN E DESENVOLVEMENTO DA LINGUAXE	<ol style="list-style-type: none">1. Introducción2. Adquisición e desenvolvemento da linguaxe nos dous primeiros anos<ol style="list-style-type: none">2.1. Etapa prelingüística2.2. Etapa lingüística2.3. Aspectos que favorecen a adquisición da linguaxe3. Desenvolvemento da linguaxe a partir dos dous anos<ol style="list-style-type: none">3.1. Introducción3.2. Adquisición dos sons da lingua: desenvolvemento fonolóxico3.3. Adquisición do significado das palabras: desenvolvemento semántico3.4. Adquisición das regras de organización das palabras: desenvolvemento morfosintáctico3.5. O coñecemento acerca da linguaxe4. Implicacións educativas para a etapa
5. DESENVOLVEMENTO AFECTIVO-EMOCIONAL E DA PERSONALIDADE	<ol style="list-style-type: none">1. Introducción2. Desenvolvemento persoal, afectivo-emocional e social na primeira infancia<ol style="list-style-type: none">2.1. A construción da identidade persoal2.2. O desenvolvemento afectivo-emocional2.3. O desenvolvemento social3. Desenvolvemento persoal, afectivo-emocional e social na segunda infancia<ol style="list-style-type: none">3.1. A construción da identidade persoal3.2. O desenvolvemento emocional e moral3.3. O desenvolvemento social4. Implicacións educativas para a etapa



Planificación

Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais	3	0	3
Sesión maxistral	16	0	16
Aprendizaxe colaborativa	8	20	28
Traballos tutelados	8	22.5	30.5
Estudo de casos	0	15	15
Análise de fontes documentais	0	5	5
Proba mixta	2.5	10	12.5
Investigación (Proxecto de investigación)	5	35	40
Atención personalizada	0	0	0

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías

Metodoloxías	Descrición
Actividades iniciais	Actividades que se levarán a cabo antes de iniciar o proceso de ensino-aprendizaxe a fin de coñecer as competencias, intereses e/ou motivacións que posúe o alumnado para o logro dos obxectivos que se queren alcanzar. Presentación da materia.
Sesión maxistral	Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución de algunhas preguntas dirixidas ao alumnado, coa finalidade de introducir e presentar os coñecementos de cada tema e facilitar a súa aprendizaxe.
Aprendizaxe colaborativa	Conxunto de procedementos de ensino-aprendizaxe guiados de forma presencial, que se basean na organización da clase en pequenos grupos nos que o alumnado traballa conxuntamente na resolución de actividades e prácticas relativas a cada tema asignadas polo profesorado para optimizar a súa propia aprendizaxe e a dos outros membros do grupo
Traballos tutelados	Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma do alumnado baixo a tutela da profesora na aula. Trátase de actividades de orientación-execución e de demostración-práctica a fin de que o alumnado comprenda significativamente a información e a integre na súa estrutura de coñecementos.
Estudo de casos	Metodoloxía na que terán que elaborar informes psicoevolutivos, a partir da observación participativa ou da aplicación de probas, de alumnado de educación infantil. Todo isto farase a través dun proceso de discusión en pequenos grupos de traballo.
Análise de fontes documentais	Técnica metodolóxica na que terán que utilizar material bibliográfico relevantes para a temática da materia con actividades especificamente deseñadas para a análise dos mesmos. Emprégase como introdución xeral á materia, no estudo de casos ou como síntese de contidos de carácter teórico ou práctico.
Proba mixta	Proba que integra preguntas tipo de probas de recordo libre e de recoñecemento sobre os contidos teórico-prácticos de cada un dos temas.
Investigación (Proxecto de investigación)	Proceso de ensinanza orientado a facilitar a construción expansiva do coñecemento mediante a realización de actividades-prácticas para identificar, analizar e estudar algunhas das características psicoevolutivas do alumnado de infantil a través da observación, de autoinformes e de estudos clínicos

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
--------------	------------



Aprendizaxe colaborativa Traballos tutelados Estudo de casos Análise de fontes documentais Investigación (Proxecto de investigación)	A atención personalizada realizarase tanto no escenario da aula como en titorías. Consistirá en guiar e tutelar o proceso da aprendizaxe dos grupos de traballo nas distintas actividades de tipo teórico e práctico e na elaboración dos informes pertinentes. Todo isto farase coa finalidade de facilitar que o alumnado comprenda significativamente a información, a integre na súa estrutura de coñecementos e se implique activamente.
--	---

Avaliación		
Metodoloxías	Descrición	Cualificación
Aprendizaxe colaborativa	Traballo en grupos de catro persoas que consiste na realización de actividades a facer na aula e fóra dela para cada un dos temas. Estas actividades colaborativas serán basicamente de orientación-execución ou demostración-práctica.	0
Traballos tutelados	Traballo individual e grupal para a elaboración de actividades de orientación-execución e de demostración-práctica a fin de que o alumnado comprenda significativamente a información e a integre na súa estrutura de coñecementos.	25
Análise de fontes documentais	Busca de fontes documentais para descubrir os contidos propios e específicos da disciplina e o currículo da educación infantil.	0
Proba mixta	Esta proba de carácter individual realizarase ao finalizar cada un dos temas da materia, para verificar o grao de adquisición das competencias do saber e saber facer.	25
Investigación (Proxecto de investigación)	Trátase de identificar, analizar e estudar algunhas das características psicoevolutivas dunha pequena mostra de alumnado de infantil e elaborar informes/artigos psicoeducativos, a partir da observación participativa ou da aplicación de probas, en base aos datos obtidos. Todo isto farase a través dun proceso de discusión en pequenos grupos de traballo (non superiores a 5 persoas).	50

Observacións avaliación
<p>1ª CONVOCATORIA. Dependendo da asistencia continuada ou non as clases, hai dúas modalidades de seguir a materia de ?Psicoloxía do desenvolvemento de 0 a 6 anos? que determinan dous modos diferentes de avaliación: Modalidade A: Avaliación Continua e Modalidade B de Avaliación Final&nbsp;</p> <p>? Modalidade A: Avaliación Continua. Nesta modalidade levarase a cabo unha avaliación de tipo procesual consistente na realización dunha serie de actividades e prácticas de cada tema realizadas en grupo co seguimento periódico das mesmas. Por tanto será obrigatoria a asistencia ás clases (como mínimo o 85% das horas presenciais, é dicir, só se poderá faltar un máximo de 4 módulos no cuadrimestre, en caso contrario deberase optar pola modalidade B), sendo imprescindible ademais a participación activa e continuada por parte do alumnado no grupo de traballo na aula (no caso de non ser así contabilizarase como unha ausencia). Esta avaliación levarase a cabo a partir dun dossier ou carpeta de traballo que incluirá:&nbsp;</p> <p>a/ As actividades individuais e de grupo de cada un dos temas que suporán un máximo dun 25% da cualificación&nbsp;</p> <p>b/ As prácticas grupais que se suxiren para cada tema e que suporán un máximo do 50% da cualificación.</p> <p>Para superar satisfactoriamente a materia será necesario realizar todas as actividades e prácticas propostas para cada tema&nbsp;</p> <p>c/ As probas mixtas individuais sobre os contidos teórico-prácticos da materia. Isto representa como máximo un 25% da cualificación.</p> <p>? Modalidade B: Avaliación Final. Para aquel alumnado que non asista ao 85% das horas presenciais, a nota final virá determinada por unha proba final escrita dos contidos teórico-prácticos da materia. A data para esta proba será a fixada polo Centro.</p> <p>OUTRAS CONVOCATORIAS Nas restantes convocatorias seguirase a Modalidade B anterior, isto é proba escrita dos contidos teórico-prácticos da materia do curso académico correspondente.</p>

Fontes de información	
Bibliografía básica	
Bibliografía complementaria	



Recomendacións
Materias que se recomenda ter cursado previamente
Materias que se recomenda cursar simultaneamente
Materias que continúan o temario
Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías